

INICIACIÓN Á COMPRENSIÓN DE TEXTOS

1



Corrección de texto: Rebeca Fernández Facal Ilustracións: Print Artist 8



EQUIPO
DINAMIZACIÓN
LINGUA GALEGA

CEIP GALÁN OSEIRO - ARTEIXO




XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

Nome:

Data:

1



A galiña estaba moi gorda. Comía vinte e catro miñocas todos os días.

1.- Como estaba a galiña?


2.- Que comía todos os días?

3.- Cantas miñocas comía diariamente?

Nome:

Data:

2



Aquela quenlla nadaba moi ben. Só descansaba os domingos. Tiña moitos amigos en todos os mares.

1.- Quen nadaba moi ben?


2.- Cando descansaba a quenlla?

3.- Cantos amigos tiña a quenlla?

Nome:

Data:

3



O meu tío Adrián tiña un telescopio. Un día viu un planeta moi grande cheo de montañas enormes.


1.- Como se chama o meu tío?

2.- Que ten o meu tío Adrián?

3.- Como era o planeta que descubriu?

Nome:

Data:



4

Alberte, o alcalde, falou na televisión e dixo que a todos os rapaces lle ían regalar unha bici de carreiras.

1.- Como se chama o alcalde?

2.- Onde falou Alberte, o alcalde?

3.- Que lle ía regalar a todos?

Nome:

Data:

5



O parrulo xogaba moi ben ao tenis.
Sempre usaba unha viseira e un par de
zapatillas verdes.

1.- A que xogaba o parrulo?

2.- Que usaba sempre?

3.- De que color eran as zapatillas?

Nome:

Data:

6



O gato Michurrín colleu unha cabaza. Levouna ao mercado e vendeuna por corenta e catro euros.

1.- Como se chama o gato?


2.- Que colleu Michurrín?

3.- Por cantos euros vendeu a cabaza?

Nome:

Data:

7



A gairvota voaba moi lonxe e pescaba os peixes polas illas Sisargas. As outras gairvotas pescaban en Sabón.

1.- Onde voaba a gairvota?

2.- Onde pescaba a gairvota?

3.- Quen pescaba en Sabón?

Nome:

Data:

8



O xenio Caspiriño era verde e moi feo.
Vivía nunha lámpada máxica e só saía
dela cando lle cantaban.

1.- Como era Caspiriño?


2.- Onde vivía o xenio?

3.- Cando saía da lámpada máxica?

Nome:

Data:

9



Xacobe tiña un monopatín de catro rodas.
Polas tardes xogaba no parque e sempre
levaba casco.

1.- Que tiña Xacobe?

2.- Cando xogaba polo parque?

3.- Que levaba sempre?

Nome:

Data:

10



A Sabela gustábanlle moito as bolboretas.
O venres colleu unha grande e de moitas
cores.

1.- Que lle gustaba a Sabela?


2.- Que colleu Sabela o venres?

3.- Cantas cores tiña a bolboreta?

Nome:

Data:

11



Alberte foi á praia de Barrañán. Estivo xogando toda a tarde cun flotador de cor laranxa.

1.- Onde foi Alberte?


2.- Con que xogou toda a tarde?

3.- De que cor era o flotador de Alberte?

Nome:

Data:

12



Á rata gustáballe moito o queixo. O que máis lle gustaba era o queixo do país. Tamén lle gustaba moito o chourizo.

1.- Que lle gustaba moito á rata?


2.- Que queixo lle gustaba máis?

3.- Que lle gustaba tamén moito?

Nome:

Data:

13



O pallaso traballaba nun circo. Era moi simpático e sempre usaba un pequeno paraugas.

1.- Onde traballaba o pallaso?


2.- Como era o pallaso?

3.- Que usaba sempre?

Nome:

Data:

14



O polbo era moi gordo. Comía peixes pequenos que atrapaba cos seus oito raxos.

1.- Como era o polbo?


2.- Que comía?

3.- Con que atrapaba aos peixes?

Nome:

Data:

15



Sapiño era un sapo que vivía no río Sisalde. Podía papar máis de noventa e oito mosquitos.

1.- Quen era Sapiño?

2.- Onde vivía Sapiño?

3.- Cantos mosquitos podía papar?

Nome:

Data:

16



A avestruz era moi grande. O seu corpo estaba cuberto de plumas grises e poñía ovos de máis de dous quilos.

1.- Como era a avestruz?


2.- De que cor eran as súas plumas?

3.- Canto quilos pesaban os seus ovos?

Nome:

Data:

17



O tren a Lugo levaba dous vagóns. Era moi lento e botaba moito fume cando arrincaba.

1.- Cantos vagóns levaba o tren?


2.- Onde ía?

3.- Que botaba o tren cando arrincaba?

Nome:

Data:

18



O meu tío Roi mercou unha escavadora.
Traballaba cinco días á semana e o sábado e o domingo descansaba.

1.- Que mercou o meu tío Roi?


2.- Cantos días traballaba?

3.- Que dous días descansaba Roi?

Nome:

Data:

19



Aquel marciano era raro. Era verde, estaba pelado e tiña os ollos moi grandes. A súa nave si que era moi chula!

1.- Como era aquel marciano?

2.- Como tiña os ollos?

3.- E como era a súa nave?

Nome:

Data:

20



O indio chamábase Touro Cheirento. Fumaba en pipa o tabaco que lle traían os seus amigos.

1.- Como se chamaba o indio?


2.- En que fumaba Touro Cheirento?

3.- Que lle traían os seus amigos?

Nome:

Data:

21



Que simpático era aquel mono! Saltaba todo o día e só quería que lle desen de comer plátanos maduros.

1.- Como era aquel mono?


2.- Que facía todo o día?

3.- Que lle gustaba que lle desen?

Nome:

Data:

22



Que fame tiña o crocodrilo! Quería comer unha gacela pero tívose que contentar cun bocadillo de nocilla.

1.- Que tiña o crocodilo?


2.- Que quería comer?

3.- Con que se tivo que contentar?

Nome:

Data:

23



Roque era un astronauta galego. Quería chegar á Lúa e fixo un foguete espacial con nove motores.

1.- Que era Roque?


2.- Onde quería chegar?

3.- Que fixo Roque?

Nome:

Data:

24



Uxía foi pescar a Rañobre. Levaba unha cana con carrete. O seu impermeable era de cor amarela.

1.- Que fixo Uxía?


2.- Que levaba?

3.- Como era o seu impermeable?

Nome:

Data:

25



O escornabois sempre andaba de mal xenio. Vivía nun carballo e estaba farto de oír cantar aos paxaros.

1.- Quen andaba sempre de mal xenio?

2.- Onde vivía o escornabois?

3.- De que estaba farto?